

EDUCACIÓN EN VALORES E MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL¹

Raúl Vázquez Gómez
 Consejería de Cultura y Educación de
 Madrid

É ben coñecida a distinción entre a educación formal, que se adquire nas institucións educativas convencionais, e a formación que se adquire fóra destas institucións, nos ámbitos que funcionan como unha auténtica escola paralela. Esta distinción é moito máis importante no campo da conducta e do comportamento ca no campo dos coñecementos, onde a escola ten o seu papel fundamental como transmisora destes.

De feito, a escola, historicamente, nace para transmitir-lo saber e os coñecementos que posúe unha determinada sociedade ás novas xeracións.

Desde sempre, os pais, como primeiros responsables da educación dos seus fillos, preocupáronse da influencia que estes podían recibir fóra do colexio ou da escola.

Especial preocupación foi, e é, nos pais máis responsables, os tipos de amigos cos que os seus fillos conviven

na rúa, así como os libros, non recomendados polos profesores, que podían caer nas súas mans, procedentes de distintas fontes, especialmente na idade da adolescencia.

Esta situación, que é tan antiga coma a propia institución educativa, sufriu nas últimas décadas unha modificación substancial, ata o punto de que podemos falar de auténtica orixinalidade da situación actual, da que non hai precedentes na milenaria historia da educación.

Os grandes medios de comunicación social están a converterse en auténticos competidores da escola tradicional e están acabando coa situación de monopolio que ata o de agora tiña a escola no campo da educación.

Esta nova situación, por outra parte, non é máis que a manifestación dun cambio máis profundo que se está producindo na propia natureza da cultura.

¹ Texto do relatorio presentado no Congreso sobre "Educación en Valores", celebrado en Madrid o 10 de novembro de 1996 e publicado en castelán pola Editorial PPC en 1997

Desde os gregos ata os nosos días a cultura occidental foi unha cultura que xirou arredor da palabra. Palabra mental, palabra falada e palabra escrita, utilizando unha coñecida clasificación da filosofía nominalista do século XIV. Desde a teoloxía ata a literatura, pasando pola filosofía, o *logos*, o verbo, a palabra, ten sido obxecto de reflexión e instrumento de difusión do pensamento.

Os pitagóricos, creadores da primeira escola convencional hai máis de 2.500 anos, estableceron a distinción entre os que ensinan ("matemáticos") e os que aprenden ("acusmáticos"). É dicir, a aprendizaxe lévase a cabo a través da palabra oída.

A cultura tradicional, a cultura da palabra, a cultura auditiva, están sendo substituídas nos nosos días pola cultura da imaxe.

Algúns pesimistas empezan a temer que o libro sexa substituído pola televisión. Non creo que esta profecía se cumpra pero, evidentemente, a palabra tería que aprender a convivir nun mundo crecentemente fascinado polo poder omnipresente da imaxe.

A DEMOCRATIZACIÓN DO ENSINO E DA CULTURA

Durante o último medio século tivo lugar, no mundo occidental, unha

impresionante explosión dos sistemas educativos dos distintos países.

A educación que, ó longo dos séculos, se concibira como un instrumento selectivo e elitista que só era utilizado por un pequeno sector da sociedade, converteuse nun dereito fundamental da persoa e universalizouse a tódolos grupos sociais, e mesmo os Estados declarárona obrigatoria e gratuíta durante un tramo importante da vida dos cidadáns. En España esta obrigatoriedade adquiriu rango de norma constitucional, establecida no artigo 27 da nosa Carta Magna de 1978.

Simultaneamente, e gracias ó impresionante desenvolvemento tecnolóxico dos grandes medios de comunicación, a cultura, na súa dimensión máis ampla, está sendo accesible ás grandes masas da poboación.

Ámbolos dous fenómenos, a democratización do ensino e a universalización da cultura, tiveron lugar ó mesmo tempo que se producía unha profunda transformación da nosa sociedade. Hai xa máis de 60 anos que José Ortega y Gasset anunciou a eclosión da sociedade de masas. En poucos anos pasamos dunha sociedade rural, onde a tranquilidade e a relación interpersoal eran espontáneas, a unha sociedade urbana onde as grandes multitudes están presentes en tódolos aspectos da nosa vida.

Paradoxalmente, o home empeza a sentir unha crecente sensación de soledade e cada vez lle resulta máis difícil establecer verdadeiras relacións interpersoais cos seus concidadáns.

Era inevitable que esta sociedade masificada creara uns medios de comunicación acordes coa nova situación. Os grandes medios de comunicación social, os *mass-media*, son o produto lóxico dunha sociedade e unha cultura de masas.

O acceso real da maior parte da poboación ó gozo dos bens culturais, e a posibilidade efectiva de que a totalidade da poboación acadase un determinado nivel educativo, son conquistas históricas que ninguén asinado pode deixar de considerar como algo extraordinariamente positivo no desenvolvemento da humanidade. Pero este proceso crecente de socialización trae consigo paralelamente unha progresiva despersonalización dos seres humanos e unha preocupante deshumanización das nosas sociedades.

Especialmente grave é a incidencia que estes novos medios de comunicación, como a radio e a televisión, están a ter no ámbito da educación moral dos nenos e dos rapaces na conformación social dos valores.

Á escola pídeselle, unha vez máis, que faga fronte á nova situación e procure a rexeneración moral da nosa

sociedade, axioloxicamente desintegrada, debido en boa parte ós contravalores que insistentemente defenden a maioría dos programas radiofónicos e televisivos e mailas publicacións periódicas de ampla tirada.

A escola, que ata o de agora foi quen de ir asumindo os distintos avances tecnolóxicos que se produciron ó longo da historia e lle permitiron mellorar significativamente a súa función tradicional, atópase, por primeira vez, nunha actitude claramente defensiva, coa sensación dunha manifesta impotencia ante os continuos e novos retos que a sociedade actual lle presenta.

Unha boa parte do profesorado empeza a sentirse a disgusto na escola e busca inconscientemente vías de fuxida cara a territorios aparentemente máis tranquilos e máis gratificantes. Mais trátase dun inxenuo espellismo: o auténtico profesor, o que tivo unha clara vocación docente, non ten salvación fóra da escola. A solución non está en saír da escola senón en recuperar-las condicións que permitan o exercicio da vocación educadora.

O primeiro que hai que contrarrestar é a tendencia crecente a converter-la escola no chibo expiatorio dos distintos males sociais.

O papel da escola non é cura-la sociedade dos males que os adultos xeran senón, pola contra, cura-los nenos

e os rapaces da súa ignorancia. Os problemas do tráfico rodado, da droga e o tráfico de estupefacientes, da sida, da marxinação social, da xenofobia ou da violencia non se orixinaron na escola nin os nenos son responsables deles.

A escola debe colaborar cos programas que as distintas institucións sociais deseñen e formulen na práctica, para acometer estas patoloxías sociais, pero debe liberarse da carga crecente de responsabilidades que a sociedade lle está transferindo ultimamente.

A escola non é a responsable da actual descomposición moral da sociedade española. Hai dez ou quince anos encomendábaselle á escola fuxir de calquera indoutrinamento e que mantivese unha exquisita neutralidade axiolóxica. Agora lémbraleselle, polo contrario, que non pode haber unha educación de calidade se non se fundamenta nunha educación en valores: que o proxecto educativo dos centros non é só un dereito dos centros de iniciativa social, senón unha esixencia dos mesmos centros públicos, que deben facelo compatible co pluralismo que dimana do noso sistema democrático.

O desenvolvemento tecnolóxico e outros factores, que non é o momento de analizar polo miúdo, están producindo unha profunda transformación da nosa sociedade. Parece inevitable que teñamos que convivir nunha situación de cambio permanente, na

que só importa o futuro. A aceleración e a vértixe na que vivimos a cotío son a expresión da profunda muda que se está a producir na nosa sociedade.

Nesta situación, a escola está un tanto desorientada e o papel tradicional que veu realizando a través dos séculos parece chegar ó seu termo. A súa función de transmitir os coñecementos acumulados polas xeracións pasadas ás novas xeracións ten cada vez menos importancia.

Por unha banda, porque non se valora o pasado e se tende a identificalo ben co novo, e o progreso co porvir. Por iso é lóxico que entre en crise o sistema de valores tradicionais sobre os que asentou o funcionamento da sociedade occidental.

Por outra banda, a universalización da información é xa un feito. Os últimos avances tecnolóxicos permiten dispor dunha información instantánea e total, que se pode almacenar na memoria magnética dos ordenadores, que é máis fiel e menos custosa cá educación da memoria dos individuos e, obviamente, o contido desta información abrangue tamén o ámbito da conducta e o comportamento, de xeito que o planeta no que vivimos se está transformando, non xa nunha simple aldea global, senón nun auténtico patio de veciños onde as noticias se mesturan cos chismes e rumores referentes á vida dos personaxes públicos.

Se ata o de agora o papel da escola era transmitir uns coñecementos que posuía o mestre e que non eran accesibles ós alumnos, no futuro, pola contra, o papel da escola será máis ben seleccionar, valorar e discernir os coñecementos que lle sexan útiles ó alumno e que promovan o seu desenvolvemento e enriquecemento persoal.

Se o alumno tradicional se caracteriza pola súa penuria de coñecementos, o alumno do futuro, en cambio, verase inundado e perdido pola riada de coñecementos que circularán polas autovías da información, ás que poderá acceder da maneira máis sinxela que hoxe poidamos imaxinar.

A AMBIGÜIDADE DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN SOCIAL

En 1982, o Ministerio de Educación e Ciencia publicou un amplo informe sobre educación e medios de comunicación social. O ministro Federico Mayor Zaragoza, que hoxe ocupa con notable éxito a Dirección Xeral da UNESCO, chamaba a atención sobre o futuro dos medios de comunicación social, especialmente a radio e a televisión, e o impacto inevitable que ían producir sobre os sistemas educativos. A profecía cumpríuse sobradamente, e ós quince anos daquel informe podemos afirmar que o seu diagnóstico foi totalmente atinado, aínda que as súas previsións que-

daron curtas. Coma en tantas outras ocasións, era imposible preve-lo impresionante desenvolvemento tecnolóxico que se ía producir no mundo audiovisual.

O informe xiraba arredor dos tres obxectivos que os medios audiovisuais se formularon desde o principio: informar, educar e distraer. Parece claro, nestes momentos, que aquel equilibrio inicial non se mantivo, e os programas de radio e televisión foron inclinándose progresivamente cara á distracción e a diversión, descoidando a dimensión educativa. En todo caso, o que parece evidente é a propia ambigüidade dos medios de masas que permiten unha análise en clave positiva ou en clave negativa. Por unha parte, os medios audiovisuais poderían ser uns instrumentos eficacísimos e insubstituíbles para a extensión e mellora do ensino. A radio e a televisión fan posible que o labor da escola tradicional poida levarse a cabo moito máis alá dos límites físicos do edificio escolar. A educación a distancia e, por conseguinte, a utopía da educación universal, podería ser nun futuro non moi afastado unha das conquistas históricas do noso tempo, que os grandes medios de comunicación poden facer realidade. En teoría, e á vista do espectacular desenvolvemento tecnolóxico dos medios de información, ningunha circunstancia persoal, territorial, social ou familiar podería impedir que ningún cidadán dos países desenvolvidos poida ficar

fóra das inmensas posibilidades de formación que proporcionan os sistemas educativos convencionais.

O mesmo podería dicirse da utopía da educación permanente. Estes mesmos medios de comunicación, cada vez máis perfeccionados e sofisticados, permiten que a función da escola non se reduza a un tramo determinado da vida dos cidadáns. Na nosa situación actual é posible ser alumno, estar aprendendo e formándose durante toda a vida. Pénsese, por exemplo, nas inmensas posibilidades que ten a radio que é oída por millóns de persoas do noso país, ó longo de todo o día, sen que iso implique a desatención das tarefas ordinarias que a cotío desenvolven estes millóns de cidadáns.

E, finalmente, os grandes medios de comunicación actuais poderían converterse en instrumentos privilexiados dunha educación para o lecer. Os sociólogos veñen anunciando, desde hai xa tempo, que nos achegamos a unha sociedade do coñecemento e do ocio. Cada vez os cidadáns disporán de máis tempo libre, que podería empregarse para mellora-la súa formación cultural. A escola, que naceu historicamente para forma-los homes libres, que non tiñan que traballar fisicamente coma os escravos, podería recupera-los seus sinais orixinais e ser, de novo, o ámbito onde o ser humano acade o seu verdadeiro desenvolvemento e a súa plenitude como home, a medida que a cien-

cia e a técnica o vaian liberando da penosidade e do esforzo físico que implica o traballo tradicional. A escola, coa colaboración dos grandes medios de comunicación social, debería se-lo instrumento definitivo da maduración do ser humano e da súa liberación das ataduras materiais ás que estivo sometido a través da historia. O impresionante desenvolvemento da técnica, que está alienando e deshumanizando o home, debería ser, ó contrario, a ocasión para que o home, feito a imaxe e semellanza do Creador, poña a técnica ó seu servicio e rompa as derradeiras cadeas que aínda o escravizan.

Sen embargo, ó lado desta valoración positiva (que ata o momento é máis unha posibilidade teórica ca unha realidade efectiva), o certo é que o impacto negativo dos grandes medios de comunicación social, e especialmente da televisión, na educación dos nenos e dos mozos e mais na conformación moral da sociedade toda, é cada vez máis patente.

Non é necesario promover un proceso de satanización da televisión para adverti-la súa crecente influencia, a maioría das veces negativa, no proceso educativo das novas xeracións en clara colisión co labor da escola e da familia. Diversas investigacións recentes coinciden en afirmar que os nenos españois en idade escolar pasan máis horas ó longo do ano fronte á pantalla da televisión ca nas aulas escolares.



Emisión dun programa informativo desde uns estudos radiofónicos. Foto axencia AGE. *Historia de la Humanidad*, ed. Planeta, 1977.

Esta situación xa se producira nos Estados Unidos de Norteamérica hai algúns anos, e seica os españois xa estamos en condicións de homologarnos neste terreo cos países "máis avanzados". É certo que no cómputo horario se inclúen os días non lectivos e as vacacións escolares, pero, en todo caso, o fenómeno parécese extraordinariamente importante e de consecuencias difíciles de predicir, pois esta situación é absolutamente nova na historia milenaria da educación occidental. O Papa Xoán Paulo II, nunha expresión moi afortunada, definiu a tele-

visión como a nova "ama electrónica" dos fogares dos países desenvolvidos.

Pero a influencia da televisión non se reduce á súa presenza constante no fogar, que a está convertendo nun membro máis da familia sen o cal non semella posible convivir. Ademais, a enorme superioridade técnica que a televisión ten sobre a escola tradicional está xerando un fenómeno moitísimo máis grave. A comprensible fascinación tecnolóxica que senten os nenos por ela, está a se converter nunha crecente dependencia moral

desta. A autoridade tradicional do mestre está sendo substituída pola nova autoridade moral da televisión. En poucos anos substituímo-lo vello dito tradicional “dixoo o mestre” polo novo que repiten decote as novas xeracións “dixoo a televisión”. Ós pais e ós profesores resúltalles cada vez máis difícil competir con este emerxente poder técnico e moral.

Ademais, a televisión está modificando notablemente os mecanismos tradicionais de aprendizaxe. Pola súa propia natureza, promove nos nenos e nos rapaces unha actitude pasiva e, ultimamente, gracias ó “zapping”, unha personalidade versátil que é incapaz de fixa-la atención nunha cuestión determinada durante un tempo razoable. Os profesores teñen cada vez máis dificultades para motiva-los alumnos e promove-lo seu desenvolvemento cognoscitivo por medio do vello e rico principio pedagóxico da actividade, da educación da vontade ou da exercitación da memoria.

Pero, de xeito especial, os grandes medios de comunicación de masas están tendo un impacto moi negativo no ámbito do comportamento e, xa que logo, no mundo dos valores. É ben sabido que os valores non son coñecementos que se poidan ensinar ou transmitir. O problema da educación en valores non consiste en que os alumnos teñan un amplo coñecemento dos distintos valores, senón conse-

guir que se adhiran a eles. A educación en valores non se pode concibir como unha disciplina máis, como a Física ou a Historia. Os valores, se non están encarnados, non teñen vixencia. Non podemos caer no espellismo inxenuo de pensar que se conseguimos introducir-lo estudio dos valores na escola tere-mos conseguida a rexeneración moral da sociedade española. A educación moral de Occidente xirou arredor de dous grandes arquetipos morais: os heroes, na cultura pagana, e os santos na cultura cristiá. Nestes momentos os estereotipos sociais ós que se adhíren os nosos rapaces son os que conforman os grandes medios de comunicación e, especialmente, a radio e a televisión. De aí que sexa imposible, ó meu parecer, unha verdadeira educación en valores desde a escola, sen contar coa colaboración dos pais e dos comunicadores, como vou expoñer máis adiante.

Na situación actual, o papel dos medios de comunicación é máis ben contraproducente. Son cada vez máis numerosas as voces que chaman a atención da sociedade sobre a responsabilidade de moitos programas televisivos no incremento da violencia xuvenil e da cada vez máis temperá promiscuidade sexual. Pero, se cadra, moito máis importante cós ingredientes de sexo ou violencia que se inclúen na programación ordinaria, son os efectos non explícitos que a propia natureza dos medios leva consigo e do que normalmente non

se ten conciencia. Por iso son tan difíciles de contrarrestar e emerxen como auténticos “contravalores”.

En efecto, o principio último que rexe toda a actividade dos medios de comunicación é a audiencia, que se converteu no auténtico ídolo das nosas sociedades consumistas, ó que debe sacrificarse calquera outro presunto ben. Para conseguilo aplauso da audiencia hai que renunciar necesariamente á función pedagóxica e educativa dos medios de comunicación e hipertrofia-la función de diversión e entretemento. Por iso é natural que se difunda unha cultura hedonista e unha cultura da facilidade que fan moi difícil a promoción do valor da austeridade e da cultura do esforzo sobre os que asenta toda educación.

Por último, no estricto campo da información (obxectivo primeiro, xunto coa educación e a diversión, dos medios de comunicación) estase producindo outro fenómeno moi preocupante. Desde sempre, a noticia é o extraordinario, o sorprendente ou o sensacional. Cando os medios de comunicación tradicionais (as publicacións diarias ou periódicas) tiñan unha presenza escasa na sociedade, esta situación era completamente normal: o extraordinario e o sensacional ocupaban o lugar axeitado e non chegaban nunca a se sobrepoñer á vida ordinaria e cotiá. Pero a situación cambiou radicalmente. Os actuais medios de comunicación inún-

dannos decote de noticias, que seguen sendo sensacionais, escandalosas, orixinais, incomprensibles, etc. Co cal, especialmente as novas xeracións, é natural que tendamos a concluír que o sensacional e o extraordinario se convertan no ordinario, porque ocorre tódolos días e a tódalas horas, segundo os boletíns informativos ou os telexornais das emisoras.

Desta maneira, na mente dos espectadores e oíntes vaise conformando un mundo en desorde (valla a contradicción), axioloxicamente desintegrado, no que emerxen contravalores e estereotipos de vida moi efémera. Neste mundo así configurado pola propia natureza dos medios de comunicación, non hai cabida para a actividade ordinaria do home corrente que, maioritariamente, se move dentro dos parámetros dos valores tradicionais: da verdade, da beleza, do ben e da xustiza, que non son noticia salvo que chamen a atención por circunstancias insólitas.

CARA A UNHA SÍNTESE INTEGRADORA DE ESCOLA E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

En definitiva, estamos asistindo a unha profunda revolución cultural, silenciosa pero irreversible. É difícil predici-la magnitude e a calidade dos cambios que vai producir na vida das persoas e das sociedades tecnoloxicamente desenvolvidas. Pero non é aventurado pensar que a escola do futuro



Estudiantes de xornalismo observando e comentando un exemplar da primeira edición do diario *PRAVDA* (1912) A prensa é o máis antigo dos tres grandes medios de masas Foto Axencia CAMERA PRESS *Historia de la Humanidad*, ed Planeta, 1977

deberá contar necesariamente co papel dos medios de comunicación na educación dos seres humanos. Por iso, son inútiles e estériles as actitudes defensivas que, froito dun inxenuo e fácil maniqueísmo, tratan unicamente de elimina-los efectos perniciosos destes medios, singularmente da televisión, na educación dos nenos e dos xoves.

Cómpre e urxe tentar supera-la separación, e por veces o enfrontamento, que actualmente existe entre a escola e os medios de comunicación. Profesores e comunicadores viven completamente de costas, ignorándose

mutuamente, coma se a súa actividade profesional se exercese en terreos absolutamente arredados.

É unha situación similar á que tiña lugar hai algunhas décadas entre pais e profesores, que pensaban que os fillos e os alumnos eran seres distintos. Esta situación está cambiando, felizmente, non só desde a perspectiva pedagóxica, senón mesmo desde a dimensión legal. En España, por exemplo, está constitucionalizada (no artigo 27 da Constitución de 1978) a participación dos pais na xestión dos centros escolares. Poderase discutir se a fórmu-

la de participación elixida foi a máis atinada, pero ninguén discute xa que na educación dos nenos e dos rapaces é necesaria a colaboración da escola e da familia, de pais e de profesores. Alumnos e fillos son a mesma persoa, e sería absurdo pensar que a súa maduración como persoas, singulares e irrepitibles, pode levarse a cabo sen a estreita colaboración dos proxenitores naturais e dos proxenitores intelectuais.

Algo semellante haberá que facer, e o máis axiña posible, cos comunicadores. Se os medios de comunicación social inciden significativamente na educación, tanto cognoscitiva coma moral, das novas xeracións, non semella lóxico que actúen completamente á parte de pais e profesores: non hai tres suxeitos distintos no proceso educativo (fillos, alumnos ou espectadores) senón, pola contra, unha soa personalidade que está sometida a unha triple e simultánea influencia. É preciso, daquela, supera-lo estadio de ignorancia ou enfrontamento e dar paso a unha fase de colaboración e participación entre a familia, a escola e os medios de comunicación de masas.

A escola debe renunciar ó monopolio escolar do que gozou ó longo de moitos séculos e aceptar sinceramente, non a contragusto, que o desenvolvemento tecnolóxico dos nosos días está a converterlos medios de comunicación social nunha verdadeira escola complementaria.

Non se trata de loitar para que a programación dos medios se adapte ás necesidades educativas dos fillos e dos alumnos. Nin tampouco cabe esperar que o poder político dos gobernos poida introducir cambios decisivos na programación da radio e da televisión, nun Estado democrático que se fundamenta no respecto ó pluralismo e á liberdade dos cidadáns.

É inxenuo pensar que a programación da radio ou da televisión, pública ou privada, vai prescindir do criterio da audiencia, que é o principio fundamental sobre o que xira toda a actividade dos medios de comunicación social.

É a sociedade, no seu conxunto e a través dos grupos sociais intermedios, a que debe intenta-lo control deste novo poder emerxente, coma noutras épocas fixo co poder relixioso, o poder militar ou o poder económico.

Nesta tarefa de control social dos medios de comunicación, o papel da escola deberá se-la de formar televidentes críticos que non sexan dependentes da pantalla televisiva senón donos e señores dela; que poidan discerni-lo valor dos distintos programas e ser capaces de exercer-la súa liberdade cambiando de canle ou, o que sería máis importante, apagando en ocasións o aparello de televisión ou o transistor.

Desde o punto de vista da acción política, son cada vez máis os teóricos

da política que denuncian a gravidade da situación. O poder dos grandes medios de comunicación está pondo en cuestión o funcionamento dos sistemas democráticos tradicionais. Á democracia representativa, cos seus tres poderes tradicionais (lexislativo, executivo e xudicial), estalle nacente un cuarto poder, o dos medios de comunicación, que cada vez lle resulta máis difícil de controlar e que exerce unha influencia crecente nos tres poderes tradicionais. Algúns sosteñen que a democracia está a ser substituída pola *telecracia* ou a mesocracia. O exemplo italiano dos últimos anos é abondo ilustrativo a este respecto.

Pero desde unha dimensión educativa non se resolve o problema co establecemento do control político, a través dos partidos políticos, dos medios de comunicación social. A experiencia pon de manifesto reiteradamente que ós partidos políticos só lles interesa a súa clientela electoral e, xa que logo, aínda que poida resultar paradoxal, coinciden totalmente co criterio da audiencia sobre o que asenta o funcionamento dos medios.

A solución haina que buscar pola vía do control social destes. Se ninguén discute a función educativa dos medios, non se comprende cómo aínda no noso país non están presentes nos órganos de control de Radio Televisión Española asociacións de pais e de profesores, as igrexas, as academias ou os

consumidores, sen que esta sexa unha relación exhaustiva.

Polo que respecta á educación en valores, experiencias afortunadas doutros países parecen marca-las liñas de actuación que poidan ser eficaces nun futuro inmediato.

Trátase de asumir, con tódalas súas consecuencias, o principio da audiencia, ó que reiteradamente vimos aludindo. Os índices de audiencia son decisivos á hora de contrata-la publicidade que é a que financia, en definitiva, o funcionamento dos grandes medios audiovisuais. Esa é a pedra angular de todo o complexo mundo da programación, e é nese terreo onde a sociedade debería facer vale-los seus criterios morais ou estéticos. Se un determinado programa atenta contra determinados valores vixentes en amplos sectores da nosa sociedade, a solución non parece estar en escandalizarse por enésima vez e protestar infructuosamente, non se sabe moi ben diante de quen, senón en deixar de adquirir-los produtos que financian o citado programa. As asociacións de consumidores poden ser máis eficaces cás reiteradas e estériles protestas doutras instancias.

CONCLUSIÓNS

Para contrarresta-los efectos negativos que poida te-la cultura da

imaxe na educación moral das novas xeracións, e promover unha síntese integradora da escola e os medios de comunicación social, sería moi convenientemente experimentar e afondar nas seguintes liñas de actuación:

1) Recupera-lo valor da palabra, sobre a que se construíu a cultura do humanismo occidental, e que está en forte retroceso fronte ó auxe crecente da imaxe na sociedade de masas. A palabra (mental, falada ou escrita) é a expresión da racionalidade humana. Como xa dicía Aristóteles, a voz é común ó home e mais ó animal, pero só o home dispón da palabra para expresa-la verdade, a bondade e a xustiza. Só a través da palabra podemos descubri-la extraordinaria fecundidade do diálogo interpersoal.

2) Recupera-lo sentido humanista e personalizador da educación fronte ó proceso deshumanizador e homoxeneizante da técnica e dos grandes medios de comunicación.

3) Recupera-la identidade do profesor para que non caia na tentación de transformarse en experto ou comunicador. Pais e profesores deberíamos esforzarnos por recupera-lo liderato natural, ó que temos renunciado durante os últimos anos, e que é unha das causas da crecente desorientación da xuventude actual. Non só debemos transmitir coñecementos senón ensinar a aprender e ensinar a comprender, promovendo nos alumnos o gozo da sabedoría, que é algo máis que a posesión de meros e, moitas veces, vacuos coñecementos.

4) Crear ámbitos de reflexión e sosego que propicien a interiorización e o encontro con un mesmo, como antidoto á influencia alienante dos medios audiovisuais.

5) Descubri-la fecundidade pedagóxica do amor e a riqueza da relación interpersoal que nunca se poderá experimentar a través dos medios de comunicación, por moita perfeccion técnica que acaden.

